

A close-up, low-angle photograph of a typewriter keyboard. The keys are metallic and arranged in a grid. A white rectangular box with a black border is superimposed over the center of the keyboard. The text inside the box is in black and red. The background is a blurred, high-angle view of the keyboard, showing the texture of the metal and the arrangement of the keys.

PROGRAMACIÓN
CULTURAL
CONCELLO DE FOZ

**20
10**

febreiro marzo abril maio xuño

PROGRAMACIÓN
CULTURAL
CONCELLO DE FOZ

20
10

DOMINGO 7

Exibición de Baile

CENTRO SOCIAL DE CANGAS - Hora: 19:00 h.

A Asociación C.M.M.C de Cangas organiza unha EXHIBICIÓN “BAILES DE SALÓN” a cargo da Escola de Baile “GOLDANCE”

VENRES 12

Concurso de Coplas

SALA BAHÍA - Hora: 20:45 h.

Tradicional concurso de Coplas de Entroido. 20:45 h. Pregón do Entroido a cargo de **Bolico e Teo. 21:00 h.** Concurso de Coplas.

Categorías:

Individuais – Parellas: 3 premios de 30 euros ☐

Grupos: por cada grupo participante 90 euros ☐

SÁBADO 13

XXIX Desfile do Entroido

Salida Peirao de Foz - Hora: 17:00 h.

Saída dende a zona portuaria e remate no Campo da Cabana coa actuación de charangas. Ao remate do desfile tod@s @s participantes poderán disfrutar dunha CHOCOLATADA no polideportivo Campo da Cabana.

DOMINGO 14

Baile infantil de Entroido

Sala Bahía - Hora: 17:00 h.

Baile infantil có grupo **CHINGLA E SALVA** e coa actuación do **GRUPO VIRAVOLTA “TITIRITEIROS”** Música e cabezudos. Entrega dos premios infantís.

DOMINGO 14

Teatro - Tódolos públicos

TEATRO BATÁN

Obra: **“A CAIDA DO IMPERIO”**

Centro Social de Cangas - Hora: 19:00h.



DOMINGO 14

Touporroutou

Organizado pola Asociación “A Pomba do Arco”

BAR AMBIGÚ (Centro Social) - Hora: 21:30h.

LUNS 15

Baile de Entroido en Foz

Tradicional Baile de Entroido coas orquestras
SATÉLITES e CHINGLA e SALVA.

GRAN BAILE DO FAROLILLO.

Sala Bahía - Hora: 23:00h.

LUNS 15

Baile de disfraces en Cangas

Baile de entroido amenizado pola orquestra BRUJAS
con premios aos mellores disfraces.

Centro Social de Cangas - Hora: 22:00h.

MARTES 16 **Baile de Entroido infantil**

Gran baile infantil organizado pola Asociación de Amas de Casa “Virxe do Carme” de Foz e amenizado polo grupo CHINGLA E SALVA.

Sala Bahía - Hora: 17:00h.

VENRES 19 **Queima do Entroido**

Saída da comitiva fúnebre dende o Campo da Cabana ata a Sala Bahía e Queima do Entroido.

Baile na Sala Bahía coa orquestra CAPITOL.

Hora: 23:00h.

DOMINGO 21 **Marionetas tradicionais**

Centro Social de Cangas Hora: 19:00h.

A Compañía SEIS DEDOS pon en escea “O Galo Quirico e os seus amigos”.

Xunto con algúns números de marionetas tradicionais no que os espectadores participan cantando e danzando, preséntanse o conto O Galo Quirico seguindo a versión publicada por Bernardino Graña.

Unha posta en escea con marionetas e teatriño de cartón, formato de espectáculo recuperado pola compañía para esta ocasión e con música en directo, interpretada polo acordeonista Carlos Quintá.

OS XOVES PARA OS XOVES

XOVES 25

Teatro adulto - Comedia

Produccións Teatrais Excéntricas (Mofa e Befá).

Obra: **“Shakespeare para Ignorantes”**

Elenco: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Quico Cadaval.

Sala Bahía - Hora: 20:30h. - Duración: 90 min.



IGNORANCIA.- Falta de ciencia ou de noticias sobre un asunto particular ou xeral.

SHAKESPEARE.- Creador e produtor teatral de grande suceso no século XVII.

MOFA&BEFA irrompen nunha académica conferencia sobre o famoso autor para por en primeiro plano as escenas máis ignoradas, por desidia ou falta de

oportunidades, polo público actual. O riso máis cruel. as intimidades máis vergoñentas, os actos máis desonestos e as vilanias máis astutas serán mostradas pola impiedosa maquina cómica de MOFA&BEFA. Asasinos, xuíces, bufóns, cornudos, chivatos, racistas, oportunistas, chulos, torturadores, todas as personaxes que nunca teñen o protagonismo, terán agora a chance de mostrar-se agora no primeiro plano.

O astuto e intelixente público de MOFA&BEFA poderá tirar valiosos recursos para resolver os problemas da súa vida privada, laboral ou pública.

DOMINGO 28

Festa Gastronómica

CENTRO SOCIAL DE CANGAS

Festa gastronómica do “Cocido Galego” servido por “Restaurante Cesareo” de Xove. (Información: C.M.M.C “Real Rañadoiro e Agudo)

SÁBADO 6 Festival dos namorados**CASA DA CULTURA** - Hora: 20:00h.

Entrega de premios aos galardoados no IX Certame de Poemas de Amor e actuación especial de "ESCOLMA DE MEUS" de Viveiro.

OS XOVES PARA OS XOVES**XOVES 11** Teatro adultos - Comedia**TEATRO DO MORCEGO**

Obra:

"OS PATIOS DA MEMORIA"

Sala Bahía - Hora: 20:30h.

Duración: 60 min.

**SÁBADO 20** Teatro infantil - Monicreques**CARAMUXO TEATRO**Obra: **"OS BOLECHAS"**

A partir de 3 anos

Sala Bahía - Hora: 18:30 h.

Duración: 50 min.

**SÁBADO 27** VII Semana da Música na Semana Santa**PREGÓN DE SEMANA SANTA****ACTUACIÓN DA CORAL DE FOZ**

Basílica de San Martiño - Hora: 19:45 h.

DOMINGO 28 VII Semana da Música na Semana Santa

Misa solemne e actuación do quinteto de metais
“OMEGA BRASS ENSEMBLE”. Ao remate dos actos litúrxicos concerto do quinteto de metais.

Basílica de San Martiño - Hora: 12:00 h.



MÉRCORES 31 VII Semana da Música na Semana Santa

Concerto do
GRUPO DE MÚSICA ANTIGA MARTÍN CODAX

“Devotio. Música para a Virxe e Santiago no camiño a Compostela”



Neste programa, Devotio, Música para a Virxe e Santiago no camiño a Compostela, o grupo Martín Códax un dos grupos de referencia no estudo e interpretación da Música Medieval, explora as devocións musicais máis importantes en honra á Virxe e a Santiago desde a perspectiva dos peregrinos a Compostela ao longo dos séculos, con cancións de romeiros de diversas épocas, do Rei Sabio a través dalgunhas das súas máis fermosas cantigas, de trovadores galegos do medievo e de tres das máis importantes coleccións medievais, ademais das cantigas de Santa María: o Códice Calixtino, o Códice das Huelgas e o Llibre Vermell do mosteiro de Montserrat. Todo elo interpretado con instrumentos orixinais reproducións do Pórtico da Gloria e do Pazo de Xelmírez nun espectáculo de música fresco e ameno para todos os públicos.

XOVES 1**Semana Santa**

ACTOS LITÚRXCICOS

Basílica de San Martiño - Hora: 12:00h. e 18:00h.

VENRES 2 **VII Semana da Música na Semana Santa**

12:00 h. Comezo dos actos: Víacrucis, acto das Sete Palabras e Concerto especial de Venres Santo.

17:00 h. Liturxia do Venres Santo e acto do Desencravo. Procesión.

Acompaña a misa solemne o Coro Parroquial “Virxe do Carme” de Foz.

Pola tarde actuación da Banda de Música de Foz e de Alba Mesa.

SÁBADO 3 **VII Semana da Música na Semana Santa**

Actos de liturxia do Sábado Santo: Bendición do lume e da auga e procesión das candeas. Posteriormente misa cantada. **Concerto de música a cargo do grupo Arranz Trio.**

Basílica de San Martiño - 20:00 h.

DOMINGO 4 **VII Semana da Música na Semana Santa**

20:30 h. Actos de liturxia do Sábado Santo: Bendición do lume e da auga e procesión das candeas.

Posteriormente misa cantada. Concerto de música.

OS XOVES PARA OS XOVES

XOVES 15

Teatro adultos - Comedia

TEATRO DE NINGURES

Sala Bahía - 20:30 h.

Obra: **“ATRA BILE”**

Duración: 90 min.



Nazaria, Daría e Aurora son tres irmás xa anciás que viviron toda a súa vida xuntas nunha gran casona dun pobo calquera. Esta noite de xoves están reunidas para velar o cadáver do marido de Nazaria, a única que casou, acompañadas da fiel criada de Nazaria, Ulpiana. E será ao redor deste velorio cando saian á luz as eternas querelas entre as irmás e eses segredos ocultos que permanecen alí, latexantes, durante cincuenta anos.

VENRES 23

Teatro infantil

**Celebración do Día do Libro cunha actuación de
TEATRO INFANTIL**

SÁBADO 24

Teatro infantil

O RETRETE DE DORIAN GRAY Duración: 60 min.

Obra: **“RÚA AIRE”** - Sala Bahía - Hora: 18:30 h.



Rúa Aire é a segunda grande produción do Retrete de Dorian Gray, que afonda nesta vez na súa técnica de monicreques feitos con globos para contarnos un pesadelo inflable, agardando que o seu humor sexa comprendido ou á menos aceptado, polo público.

SÁBADO 8**Teatro infantil****GALITOOON**Obra: **"ROSALÍA A PULGA"**

Sala Bahía - Hora: 18:30h.

A partir de 2 años

Duración: 50 min.



Rosalía, a pulga que escribía, é a nova proposta de Galitooon para os máis cativos. Había unha vez, unha pulga moi, moi pequena: Rosalía.

Rosalía escribe unha carta cada día. Métea nun sobre, ponlle un selo e mándaa por correo. Bruno, o Canguro, un carteiro moi especial, encárgase en persoa de levarlla ao seu destinatario.... e lérllela.

OS XOVES PARA OS XOVES**XOVES 20****Teatro adulto - Comedia****TALIA TEATRO**

Duración: 1:20 h.

Obra: **"E TÍ DE QUEN VES SENDO"**

Sala Bahía - Hora: 20:30h.



Que pasaría se, de súpeto, alguén ocupase o teu lugar na vida? Pero non alguén en xeral, senón unha copia exacta de ti mesmo, que coñece ata os máis íntimos detalles da túa vida. Como demostrar que un mesmo é o "auténtico" cando o "outro" é idéntico a un mesmo? Este é o arranque da peripecia do Anfitrión de Plauto, revisitada en clave actual por Cándido Pazó. Anfitrión e o seu escravo Sosia son suplantados polos deuses Xúpiter e Mercurio mentres están na guerra. O motivo deste engano é o desexo amoroso de Xúpiter por Alcúmena, a muller de Anfitrión.

Certame de debuxo e narración "Letras Galegas"

Organiza: BIBLIOTECA MUNICIPAL DE FOZ

SÁBADO 12

Música coral

IV ENCONTRO INTERNACIONAL DE CORAIS "VILA DE FOZ". Organiza: Coral Polifónica de Foz.

Basílica de San Martiño

DOMINGO 20

Festa de San Xoán

Festividade de San Xoán na Parroquia de Vilaronte.

Misa solemne cantada pola Coral Polifónica de Foz.
Igrexa de Vilaronte.

1 ao 28 de febreiro

EXPOSICIÓN DE ANTROIDO

“O Entroido nos colexios de Foz”

Sala de exposicións da Casa da Cultura

15 ao 31 de marzo

EXPOSICIÓN “CAMBIO CLIMÁTICO”

Organizada pola Delegación de Medio Ambiente do Concello de Foz

Sala de exposicións da Oficina de Turismo

8 ao 12 de febreiro Curso Saúde Ambiental

PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2010

XLII Curso de Saúde Ambiental

Foz (Lugo), 8-12 febreiro 2010

Director: *Prof. Dr. Francisco Peña*

Auspiciado pola Sociedade Española de Sanidad Ambiental, declarado de interese sanitario pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, recoñecido con créditos de libre configuración pola USC (1) - UV (2), recoñecido como curso de relevancia administrativa pola Asociación Española de Ciencias Administrativas, Sección Española.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** 50, que se cubrirán por **rigorosa orde de inscrición**.
- **Cota de inscrición:** 30 euros.
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria ou entrega en efectivo na oficina de Caixa Galicia, situada na Avenida da Mariña, nº 1 (27780 Foz-Lugo), nº de conta: **2091 – 0119 – 51 – 3040022628**, especificando o nome e apelidos da persoa inscrita.
- **Forma de inscrición:** cubrir o boletín de inscrición, que deberá achegar co xustificante do pagamento, e presentarse/enviarase por correo electrónico/fax á Secretaría Técnica. O prazo para formalizar a inscrición abrírase o luns día 4 de xaneiro, fixándose a data límite de formalizala o xoves día 4 de febreiro ás 14:00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase unha carpeta coa publicación do **Libro de Ponencias** e material didáctico diverso.

DIPLOMA ACREDITATIVO E CRÉDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

- O alumnado que participe con regularidade nas sesións programadas do curso, que consta de **30 horas lectivas**, recibirá un diploma acreditativo de asistencia.

DESTINATARI@S

- Técnic@s, funcionari@s e responsables políticos da Administración Local, Provincial e Autonómica, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Profesorado da Universidade, de Ensino Secundario e Formación Profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas obxecto de estudo.
- Técnic@s e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudantes universitarios e dos ciclos formativos de formación profesional relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo (saúde ambiental, química ambiental, xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos, traballos forestais e de conservación do medio natural, etc.).

- A USC-Universidade de Santiago de Compostela concederá **1 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso (en tramitación).

- A UV-Universidade de Vigo concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso (en tramitación).

SEDE, DATAS E HORARIO

- Sede:** Salón de Actos do CENIMA-Centro de Interpretación da Mariña Lucense (Avda. da Ribeira, s/n. – 27780 Foz-Lugo).

- Datas:** do 8 ao 12 de febreiro de 2010.

- Horario:** De 16:30 a 20:30 horas (de luns a venres). O martes e o xoves, de 09:00 a 14:00 horas terán lugar unhas visitas prácticas (opcionais).

SECRETARÍA TÉCNICA - INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN

D. Valeriano García Pumares

D^a. María Pilar López Pérez

CONCELLO DE FOZ

Concellería de Medio Ambiente

R/ Alvaro Cunqueiro, nº 24

27780 FOZ (Lugo)

Tel.: 982 14 00 27 / Fax: 982 14 16 00

E-mail: medioambiente@concellodefoz.es

Se vostede desexa recibir información puntual do programa de actividades que se desenvolven na delegación de cultura, indíquenos a forma de facerllo chegar:

Correo electrónico _____

Tel. móbil _____

Nome e apelidos _____

Enderezo _____

Código Postal _____

Provincia _____

Delegación de Cultura do Concello de Foz
Casa da Cultura - Rúa de Lugo, 1 • 27780 - Foz
Tel./Fax: 982 140 675
E-mail: cultura@concellodefoz.es

E-mail: pilifoz@gmail.com

www.concellodefoz.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO



**REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS**

caixanova 

